

**RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL**

|                   |                                                                                                                                      |
|-------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>EXPEDIENTE</b> | 2024067753                                                                                                                           |
| <b>ASUNTO</b>     | Programa Vive o Rural 2025                                                                                                           |
| <b>TRÁMITE</b>    | Resolución presidencial de aprobación da relación de entidades beneficiarias, entidades en lista de espera e solicitudes inadmitidas |

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

- **ANTECEDENTES DE FEITO E CONSIDERACIÓN TÉCNICAS:**

**Primeiro.** Por Resolución presidencial de 21 de novembro de 2024, número 2024008984, aprobáronse as bases reguladoras do procedemento de concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións dirixidas a centros educativos públicos e anpas situados en concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, para a organización e desenvolvemento do programa "Vive o Rural" para o ano 2025, publicadas no BOPPO número 241, de 12 de decembro de 2024, e na BDNS.

O prazo de presentación de solicitudes estivo aberto entre o 13 de xaneiro e o 7 de febreiro de 2025.

**Segundo.** A concesión destas axudas tramitase en réxime de concorrencia non competitiva, por esgotamento do crédito dispoñible. Se o orzamento asignado para esta convocatoria non fose suficiente para a asignación directa das peticións solicitadas, atenderase aos criterios automáticos enumerados na base décima.

A contía total máxima destinada a esta convocatoria é de 60.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 25/233.2310.480.02. O importe máximo subvencionado por entidade beneficiaria é de 1.250,00 € (equivalente a 25,00 € por alumna/o, cun máximo de 50 alumnas/os por centro educativo).

**Terceiro.** As axudas deberán destinarse a financiar os seguintes gastos:

- a) O custo da entrada ás granxas escola para o desenvolvemento dunha saída ambiental dun día.
- b) Os gastos de desprazamento en transporte colectivo de ida e volta entre o centro docente e a granxa escola para realizar visitas de educación ambiental.



**Cuarto.** Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, rexistráronse un total de 74 solicitudes. Na tramitación das mesmas tívose en conta o establecido na base décima para o suposto de que o orzamento asignado para a convocatoria non fora suficiente para a asignación directa das peticións solicitadas:

*"(...) En primeiro lugar, terán prioridade os centros educativos, e as anpas ligadas aos centros educativos, que non foran beneficiarios da axuda na anterior edición do programa.*

*En segundo lugar, tramitaranse as solicitudes por orde de entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra, para o que se terá en conta o seguinte:*

- a) Naqueles supostos nos que se lles requira ás entidades solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude ou na documentación presentada, de ser o caso, ou se presenten documentos posteriores, entenderase por rexistro de entrada da solicitude a data na que o dito requirimento estea correctamente atendido.*
- b) Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa cantidade solicitada, o crédito esgotarase nela coa cantidade de axuda que resulte (...)"*.

**Quinto.** O Servizo instrutor realizou, de oficio, as actuacións necesarias para comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder as axudas. Unha vez instruído o procedemento, elevou os correspondentes informes-proposta de concesión para a súa fiscalización previa por Intervención.

Consta nos expedientes que todas as entidades propostas estaban ao corrente coas súas obrigas tributarias có Estado, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, así como que presentaron toda a documentación esixida nesta convocatoria.

Por cuestións de carácter técnico non resultou posible a obtención da consulta acreditativa do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda autonómica (Atriga), polo que nos expedientes onde non consta o certificado expedido pola Atriga, a resolución de concesión está condicionada a súa achega posterior no momento da xustificación.

**Sexto.** Instruído o procedemento, a Xefa de Servizo de Xuventude e Reto demográfico emite informe proposta respecto ao estado das solicitudes presentadas nesta liña de subvencións, indicando que das 74 solicitudes presentadas:

- 57 solicitudes atópanse concedidas e notificadas, relacionadas no Anexo I,
- 8 solicitudes atópanse en lista de espera (anexo II) por non dispoñer de crédito suficiente para a concesión de subvención.



- 9 solicitudes son desestimadas e relaciónanse no anexo III coas súas causas de exclusión.

**Sétimo.** Con data 5 de xuño de 2025, Intervención emite dilixencia de "Fiscalizado e Conforme" respecto á proposta anterior, con referencia ao estado das solicitudes presentadas á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, ó programa "VIVE O RURAL" 2025.

En consecuencia, vistas as consideracións técnicas citadas e segundo o establecido nas bases reguladoras desta convocatoria, **RESOLVO:**

**Primeiro.** Aprobar as relacións de entidades beneficiarias, de entidades en lista de espera e solicitudes inadmitidas, xunto coas súas causas de exclusión, do programa Vive o Rural 2025, que figuran relacionadas como Anexo I, II e III.

**Segundo.** Publicar a presente resolución no BOPPO, na Sede electrónica e na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 2 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime convinte de acordo a dereito.



**ANEXO I- SOLICITUDES CONCEDIDAS**

| Orde | Expediente | Entidade beneficiaria                      | NIF       | Concello           | Importe subvención |
|------|------------|--------------------------------------------|-----------|--------------------|--------------------|
| 1    | 2025001596 | Anpa del CEIP Afín Cela Mos                | G36119659 | Mos                | 1.250,00 €         |
| 2    | 2025001597 | CEIP de Viñagrande Deiro                   | Q8655184C | Vilanova de Arousa | 1.250,00 €         |
| 3    | 2025001598 | Anpa da Escola Infantil Galiña Azul de Tui | G02818177 | Tui                | 1.250,00 €         |
| 4    | 2025001599 | Anpa Santa Mariña Dozo                     | G36157519 | Cambados           | 1.250,00 €         |
| 5    | 2025001600 | CEIP de Sobrada                            | Q8655220E | Tomiño             | 1.250,00 €         |
| 6    | 2025001649 | CEIP de Lourido                            | Q8655086J | Poio               | 1.070,00 €         |
| 7    | 2025001650 | CEIP Nosa Señora Das Dorés                 | Q8655033B | Forcarei           | 1.250,00 €         |
| 8    | 2025001653 | CEIP As Bizocas                            | Q8655177G | Grove, O           | 950,00 €           |
| 9    | 2025001655 | CEIP Plurilingüe Xulio Camba               | Q8655068H | Vilanova de Arousa | 1.250,00 €         |
| 10   | 2025001682 | CEIP Pazos De Reis                         | Q8655147J | Tui                | 1.250,00 €         |
| 11   | 2025001683 | CRA Antía Cal                              | S8600048F | Gondomar           | 1.250,00 €         |
| 12   | 2025001879 | CPI Plurilingüe Santa Lucía                | Q8655040G | Moraña             | 1.250,00 €         |
| 13   | 2025002102 | CEIP Magalans Dorron                       | Q8655322I | Sanxenxo           | 1.029,00 €         |
| 14   | 2025001623 | CEIP Pintor Antonio Fernández              | Q8655495C | Tomiño             | 1.250,00 €         |
| 15   | 2025001656 | CEIP Mestre Valverde Mayo                  | Q8655532C | Mos                | 1.250,00 €         |
| 16   | 2025001657 | CEIP Plurilingüe De Caldelas               | Q8655361G | Tui                | 1.000,00 €         |
| 17   | 2025001601 | CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro  | Q8655172H | Cambados           | 1.250,00 €         |
| 18   | 2025002173 | CEIP de Valeixe                            | Q8655448B | Cañiza, A          | 900,00 €           |
| 19   | 2025001681 | CEIP Manuel Rodríguez Sinde                | Q8655424C | Guarda, A          | 750,00 €           |
| 20   | 2025001710 | CEIP Mestre Martínez Alonso                | Q8650003J | Mos                | 1.250,00 €         |
| 21   | 2025001679 | IES de Ponte Caldelas                      | S8600088B | Ponte Caldelas     | 1.250,00 €         |



|    |            |                                         |           |                    |            |
|----|------------|-----------------------------------------|-----------|--------------------|------------|
| 22 | 2025001652 | CRA de Ribadumia                        | S3600025E | Ribadumia          | 1.050,00 € |
| 23 | 2025002521 | EEl do Con Moaña                        | Q8655193D | Moaña              | 800,00 €   |
| 24 | 2025002206 | CEIP Plurilingüe Montemogos             | Q8655369J | Bueu               | 575,00 €   |
| 25 | 2025002722 | CEIP de Soutelo de Montes               | Q8655029J | Forcarei           | 1.250,00 € |
| 26 | 2025002641 | CEIP Fontes Baiña                       | S8600034F | Baiona             | 1.050,00 € |
| 27 | 2025002172 | CPI Domingo Fontán                      | Q8655012F | Portas             | 900,00 €   |
| 28 | 2025002883 | CEIP Plurilingüe Isidora Riestra        | Q8655054H | Poio               | 1.075,00 € |
| 29 | 2025003421 | CEIP da Cruz de Camos- Nigrán           | S8600066H | Nigrán             | 1.250,00 € |
| 30 | 2025003519 | CEIP Plurilingüe De Tirán               | Q8655514A | Moaña              | 841,00 €   |
| 31 | 2025001877 | Anpa del Colegio Público Doutor Suarez  | G36344752 | Fornelos de Montes | 1.250,00 € |
| 32 | 2025002103 | CEIP Ramón De Valenzuela                | Q8655025H | Silleda            | 1.250,00 € |
| 33 | 2025001625 | CEIP Plurilingüe De Guillarei           | Q8655479G | Tui                | 1.250,00 € |
| 34 | 2025002765 | CEIP de Corvillón                       | Q8655057A | Cambados           | 1.125,00 € |
| 35 | 2025004085 | IES de Mos                              | Q8650015D | Mos                | 750,00 €   |
| 36 | 2025004232 | CEIP Marquesa do Pazo da Mercé          | Q8655014B | As Neves           | 875,00 €   |
| 37 | 2025004561 | CEIP Plurilingüe de Tenorio             | Q8655038A | Cerdedo-Cotobade   | 946,00 €   |
| 38 | 2025004683 | CEIP de Plurilingüe de Riomaíor         | Q8655199A | Vilaboa            | 629,00 €   |
| 39 | 2025004832 | CPI do Toural                           | Q8655423E | Vilaboa            | 1.050,00 € |
| 40 | 2025004904 | CEIP Manuel Cordo Boullosa              | Q8655064G | Ponte Caldelas     | 1.200,00 € |
| 41 | 2025003638 | Colexio Público Serra Vincios           | S8600052H | Gondomar           | 950,00 €   |
| 42 | 2025004989 | Anpa Loureza                            | G36372191 | Oia                | 1.050,00 € |
| 43 | 2025005591 | CEIP Plurilingüe De Tebra- Tomiño       | Q8655360I | Tomiño             | 750,00 €   |
| 44 | 2025005748 | Anpa Pazo da Merce                      | G36229540 | Neves, As          | 1.250,00 € |
| 45 | 2025005732 | CEIP de Seixo                           | Q8655400C | Marín              | 1.250,00 € |
| 46 | 2025005681 | CEIP Antonio Blanco Rodriguez de Covelo | G36014926 | Covelo             | 900,00 €   |



|    |            |                                                       |           |                    |            |
|----|------------|-------------------------------------------------------|-----------|--------------------|------------|
| 47 | 2025005881 | EEl Verducedo                                         | Q8655059G | Moaña              | 525,00 €   |
| 48 | 2025001591 | EEl de Rubios                                         | Q8655238G | Neves, As          | 325,00 €   |
| 49 | 2025001593 | CEIP Plurilingüe A Pedra                              | Q8655299I | Bueu               | 900,00 €   |
| 50 | 2025001594 | CEIP Plurilingüe Xesús Ferro Couselo                  | Q8655197E | Valga              | 1.250,00 € |
| 51 | 2025001644 | CEIP Plurilingüe As Solanas - Nicolás Gutiérrez Campo | Q8655310D | Guarda, A          | 1.100,00 € |
| 52 | 2025001672 | CEIP Quintela                                         | Q8655510I | Moaña              | 1.150,00 € |
| 53 | 2025001590 | CEIP Plurilingüe da Torre-Cela                        | Q8655198C | Bueu               | 1.075,00 € |
| 54 | 2025001592 | CEIP Plurilingüe A Reigosa                            | Q8655073H | Ponte Caldelas     | 1.250,00 € |
| 55 | 2025001876 | CEIP Plurilingüe de San Roque                         | Q8655405B | Vilanova de Arousa | 1.125,00 € |
| 56 | 2025001648 | CEIP Seara                                            | Q8655122C | Moaña              | 1.150,00 € |
| 57 | 2025001969 | CEIP Manuel Suárez Marquier                           | Q8655374J | Rosal, O           | 350,00 €   |

## ANEXO II- SOLICITUDES EN LISTA DE ESPERA

| Orde | Expediente | Centro educativo/ ANPA    | NIF       | Concello           |
|------|------------|---------------------------|-----------|--------------------|
| 1    | 2025001595 | CRA Raiña Aragonta        | Q3600361D | Salceda de Caselas |
| 2    | 2025001654 | CRA de Meis               | Q3600378H | Meis               |
| 3    | 2025002171 | Anpa Solleiro IES Tomiño  | G36263630 | Tomiño             |
| 4    | 2025001875 | CEIP San Tomé             | 33336910C | Cambados           |
| 5    | 2025003597 | CEIP de Sabarís           | S8600013J | Baiona             |
| 6    | 2025004267 | CEIP Plurilingüe Nº2- Tui | Q8655124I | Tui                |
| 7    | 2025004572 | Anpa Pequeniños           | G36362309 | Salvaterra de Miño |
| 8    | 2025004809 | Anpa do EEl O Areal       | G36978955 | Baiona             |



**ANEXO III- SOLICITUDES INADMITIDAS**

| Nº | Expediente | Centro educativo/<br>ANPA | NIF           | Concello              | Motivo de exclusión                                                                                                          |
|----|------------|---------------------------|---------------|-----------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1  | 2025001709 | EEl de Lantaño            | Q8655338E     | Portas                | Erros na solicitude                                                                                                          |
| 2  | 2025002884 | Anpa do CEIP<br>Altamira  | G36017473     | Salceda de<br>Caselas | Erros na solicitude                                                                                                          |
| 3  | 2025001967 | CPI Mosteiro Meis         | Q8655178E     | Meis                  | Erros na solicitude,<br>non aporta<br>acreditación da<br>representación e<br>falta acordo de<br>participación no<br>programa |
| 4  | 2025001878 | EEl Taboexa As<br>Neves   | 36068489G     | Neves, As             | Erros na solicitude,<br>non aporta<br>acreditación da<br>representación e<br>falta acordo de<br>participación no<br>programa |
| 5  | 2025001680 | IES A Sangriña            | Q8655269B     | Guarda, A             | Falta acordo de<br>participación no<br>programa                                                                              |
| 6  | 2025004430 | CPI da Cañiza             | Q8655023<br>C | A Cañiza              | Falta acordo de<br>participación no<br>programa                                                                              |
| 7  | 2025002644 | CEIP Fontes Baiña         | S8600034F     | Baiona                | Solicitude duplicada                                                                                                         |
| 8  | 2025001643 | Anpa Santa<br>Mariña Dozo | G36157519     | Cambados              | Solicitude duplicada                                                                                                         |
| 9  | 2025001671 | CEIP Quintela             | Q8655510I     | Moaña                 | Solicitude duplicada                                                                                                         |

